



Estimadas familias:

A ANPA DO IES ROU quere propoñer un curso máis ós/ás vosos/as fillos/as **actividades extraescolares**. Seguiremos coas mesmas do curso pasado: natación, tenis de mesa e xadrez.

A novidade deste curso é que dende a ANPA ofértanse actividades para familias (pais/nais/titores e/ou alumnado) e outras para alumnado só. Este curso a ANPA colaborará coa ANPA do IES ROSAIS II para facer actividades conxuntas nos dous centros.

Dado que son actividades xestionadas pola ANPA será preciso aboar a couda de socio da ANPA (recordamos que son 15 € por familia por curso).

Todos/as os/as interesado/as podedes probar as actividades (previa inscrición) na semana do 2 de outubro (haberá un mínimo de participantes para poder desenvolver a actividade).

O prazo de inscrición (para comezar en outubro) será ata o mércores 27 de setembro cubrindo o formulario (preferiblemente) que atoparedes no seguinte enlace: <https://forms.gle/75tBnYihHxjfnFSSA> ou por mail enviando estes datos:

- Nome do alumno ou persoa inscrita e curso
- Tfno e enderezo electrónico de contacto
- Dni e data de nacemento (por tema seguros)
- Actividades ás que se inscribe

ACTIVIDADES OFERTADAS:

- **TENIS DE MESA** (alumnado de 1º a 4º ESO): Luns de 15 a 16 horas 15€/mes
- **XADREZ** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas (gratuíto con subvención da Xunta)
- **TEATRO** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas 16€/mes
- **TEATRO** (alumnado): Mércores de 15 a 16 horas 16€/mes
- **TEATRO** (alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Mércores de 15 a 16 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **BADMINTON** (alumnado de 1º a 4º ESO): Mércores de 15 a 16.30 horas 24€/mes
- **BADMINTON** (alumnado de 1º a 4º ESO): Mércores de 17 a 18.30 horas 24€/mes
- **PANDERETA** (pais/nais/titores e alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **IOGA** (pais/nais/titores e alumnado): Mércores de 18 a 19 horas 16€/mes
- **PILATES** (pais/nais/titores e alumnado): Mércores de 18 a 19 horas 16€/mes

Os/as asistentes (alumnado) cuxa actividade sexa o luns ou o mércores ás 15 horas poderán quedar a comer no IES entre as 14.10 e 15 horas (previa reserva na cafetería).

Contamos coa vosa participación.

Un saúdo

Vigo, 20 de setembro de 2023

A ANPA DO IES ROU